

**PROPOSTA DE MODIFICACION DO PLANO DE ESTUDOS DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN
ASESORAMENTO XURÍDICO EMPRESARIAL (MAXE)**

A proposta de modificación do plano de estudos do MAXE, aprobada pola Xunta de Facultade de Dereito da UDC celebrada o día 11 de xullo de 2014 (modificada parcialmente por acordo da Comisión de Docencia, delegada da Xunta de Facultade, celebrada o día 05 de setembro de 2014, en orden a acomodar a proposta ó informe do VTCNT da UDC de data 15 de xullo de 2014), afecta ós dous aspectos que seguen:


1. Por unha parte, a lectura e defensa do Traballo Fin de Mestrado (TFM) que se viña realizando ata o momento no segundo cuadrimestre, pasará ao terceiro cuadrimestre. Dese modo, o alumno defenderá o seu traballo unha vez que teña acadado o resto dos créditos do título, isto é, os 84 créditos (ECTS) restantes.
2. Por outra banda, solicítase unha reasignación dos créditos (MAXE correspondentes aos módulos que conforman o MAXE. Como resultado desta reasignación os créditos ECTS de cada un dos devanditos módulos quedará da seguinte maneira:
 - a. **MÓDULO I: *Introdución ao asesoramento da empresa.*** Pasará de 15 a **18 ECTS**
 - b. **MÓDULO II: *Contratación mercantil, pública e internacional.*** Pasará de 10 a **9 ECTS.**
 - c. **MÓDULO III: *Ilícitos penais, administrativos e laborais.*** Pasará de 5 a **6 ECTS.**
 - d. **MÓDULO IV: *Resolución de conflitos da empresa.*** Pasará de 5 a **6 ECTS.**
 - e. **MÓDULO V: *Metodoloxía.*** Terá **3 ECTS** (en lugar dos 4 ECTS que tiña asignados).
 - f. As tres especialidades (*Dereito Inmobiliario, Dereito Urbanístico e Dereito ambiental*) terán atribuídos **18 ECTS** cada unha delas (en lugar dos 15 ECTS actuais).
 - g. No terceiro cuadrimestre o alumno realizaría as *prácticas externas* polas que obtería 24 ECTS (en lugar dos 30 ECTS que este Módulo tiña asignadas) e o *Traballo Fin de Mestrado* (6 ECTS).

Desta forma, cursados os dous primeiros cuatrimestres e superadas as materias correspondentes, o/a alumno/a poderá obter 60 ETCS, acadando os 30 ECTS (*Prácticas externas máis Traballo Fin de Mestrado*), no terceiro cuatrimestre.

En virtude dos acordos referidos, solicítolle que faga chegar a ACSUG e a Consellería competente da Xunta de Galicia esta proposta de modificación do *Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial* a fin de que se autorice, e poder proseguir coa tramitación da mesma a través da aplicación informática do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

En A Coruña, a 05 de setembro de 2014

Asdo.: JOSÉ MANUEL BUSTO LAGO
Decano



Ó SR. VICERREITOR DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS DA UDC